

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MURAS E A ASOCIACIÓN ECOS DO SUR.

### **REUNIDOS**

Manuel Requeijo Arnejo, con DNI n°: 77595851S, alcalde do concello de Muras, con NIF: P2703300J, e sede social na Praza da Galeguidade, 4, de Muras, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Doutra parte, Dona María Lareo Fernández con DNI n° 46896746E actuando en representación da Asociación Ecos do Sur con sede social na Avenida Finisterre, 109 - Baixo, C.P. 15004, A Coruña con CIF número G-15354483, na súa condición de Presidenta.

### **EXPOÑEN**

1. Que a Asociación Ecos do Sur, pretende realizar nos Concellos de Muras, Xermade e Ourol o proxecto denominado "**Habita Rural**". O cal é un proxecto de intervención comunitaria financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, no que preténdese reducir o envellecemento da poboación, a despoboación do rural e o abandono de terras produtivas e ofrecer unha oportunidade para saír da situación de vulnerabilidade ás persoas pertencentes ás bolsas de exclusión das cidades.
2. O Concello de Muras é coñecedor do despoboamento das zonas rurais e en especial o que lle está sucedendo actualmente ao Municipio de Muras e por outra banda, tendo en conta a boa colaboración existente, entre o Concello e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, é polo que pretende colaborar no proxecto presentado pola Asociación Ecos do Sur, "**Habita Rural**".

En vista do antedito, ambas partes acordan as seguintes

### **CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA:** O Concello de Muras e a Asociación Ecos do Sur amosan unha intención de colaborar no mantemento e potenciación do **Proxecto Habita Rural** cos seguintes obxectivos e accións a realizar pola Asociación Ecos do Sur:



- Identificar a persoas en situación de vulnerabilidade nas cidades con vontade de trasladar a súa vida e actividade económica ao rural.
- Mellorar o nivel de empregabilidade por conta propia e allea- a través dos Itinerarios personalizados de inserción sociolaboral.
- Facilitar o acceso á vivenda e recursos produtivos a persoas en situación de vulnerabilidade nos concellos rurais de referencia.
- Capacitar ás persoas participantes en formación profesional especializada, favorecendo a vivencia real no rural galego, o coñecemento da súa contorna e a xeración de redes que facilten a súa inserción sociolaboral.
- Analizar a viabilidade económica e social da creación dunha empresa de inserción baixo a fórmula xurídica de cooperativa de integración social nalgún dos concellos de referencia

**SEGUNDA:** O Concello de Muras comprométese a:

- Realizar a coordinación entre os Servizos Sociais do Concello de Muras e a Asociación Ecos do Sur.
- Cesión de espazos e banco de terras dispoñibles para o desenvolvemento das accións formativas propostas, previa solicitude formal por parte da asociación Ecos do Sur.
- Cesión de espazos residenciais dispoñibles para a residencia durante o período formativo do alumnado desprazado.
- Apoio en recursos materiais e/ou económicos, previa solicitude formal por parte da Asociación Ecos do Sur, e dependendo da dispoñibilidade orzamentaria do Concello.

**TERCEIRA:** Serán causas de resolución do presente convenio, as que se poidan establecer na vixente lei e a que a continuación se detalla::

- Incumprimento por parte da asociación dos requisitos e obrigas establecidos neste convenio.

**CUARTA:** Os compromisos establecidos para as partes nas cláusulas precedentes poderán ser revisados de mutuo acordo en caso de que se considere oportuno.

**QUINTA:** Duración do convenio



A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura e polo prazo de un ano.

E, en proba da conformidade, ambas as partes subscriben este Convenio, a un só efecto.

O ALCALDE

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN ECOS DO SUR

Documento asinado dixitalmente

